

No reino da mourindade

Enviado o 7 Abril 2013



Como cada ano destes últimos —e vai alá xa un lustro, que neste paisiño de noso non é cativa cifra— a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega publica un novo número da súa revista Escrita Contemporánea recollendo as intervencións das Actas das [V Xornadas de Literatura de Tradición Oral](#), coorganizadas pola propia a [AELG](#) e mais a [AS-PG](#) co patrocinio da [Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo](#).

Nesta ocasión, o volume leva por subtítulo o que foi tema do congreso que tivo lugar o pasado mes de outubro en Lugo, isto é, [Os mouros e as mouras: máximos enigmáticos da mitoloxía popular](#), tema apaixonante onde os haxa para todos os interesados nesta cuestión etnográfica, histórica, mitolóxica e literario oral que vertebra un dos mitos perennes da nosa cultura.

Para disertar sobre este particular os organizadores do evento (os industriais Isidro Novo e Antonio Reigosa) convocaron desta volta o antropólogo, escritor e músico Rafael Quintía Pereira; o tamén antropólogo e comunicador Alexandre Parafita, profesor da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro; a historiadora e investigadora arqueolóxica Mar Llinares García, docente na Universidade de Santiago; e mais o filólogo e responsable do Arquivo de Tradición Oral do Muséu del Pueblu d'Asturies Jesús Suárez López.

Quintía Pereira dedicou a súa intervención aos “Mouros e mouras. Na procura de nós mesmos”. Na súa longa e moi documentada disertación tentou clarificar como xorde o mito da mourindade, quen son os mouros, onde viven, cal é a utilidade deste mito, quen son as mouras, de que atributos se revisten, cal é o seu hábitat e a súa escatoloxía e que relación poden ter coas Tríades, virxes ou deusas primitivas.



Pola súa banda, Parafita centrou o seu relatorio nos “Mouros históricos e mouros míticos: dualidades e complementariedades”, detallando con acuidade como se foron tecendo eses pretos viortos que unen os ‘mouros’ históricos (é dicir, os invasores árabes) cos mouros mitolóxicos, atribuíndo a estes últimos características negativas nunha clara campaña de desprestixio cara aos primeiros.

A profesora Llinares García ilustrou os asistentes sobre “Mouras e mulleres. As imaxes femininas na mitoloxía popular galega”, unha moi interesante comunicación que deixou claro a figura mítica da moura foi deliberadamente empregada dentro da cultura de noso para desenvolver todo un programa sociodidáctico de como deben ser as mulleres e como non deben ser, de cal debe ser o seu comportamento xenérico e/ou sexual e que se espera delas no seo da comunidade.

Por último, Suárez López disertou sobre “Os mouros e os seus tesouros no imaxinario popular asturiano”, achegando valiosos datos orais e literarios sobre a presenza destes neste territorio irmán e analizando a súa función e características sobre todo en relación ao subtema da procura de tesouros.

O libro complétase coa transcripción dos longos diálogos suscitados a través de dúas mesas redondas, os



limiares e saúdas de rigor e uns anexos nos que se reproducen o “Seminario de conclusións”, os “Datos biográficos dos/as intervinientes”, un mínimo “Apéndice fotográfico” e unha sucinta “Bibliografía”.

Este número de Escrita Contemporánea dedicado a Os mouros e as mouras: máximos enigmáticos da mitoloxía popular (que, como noutras ocasións, incorpora un dvd coa gravación de todas as xornadas) é un perfecto vademecum co se guiar polo complexo e fascinante mundo da nosa mourindade, territorio meigo e imprevisible que segue a cativarnos, imperecedeiro, neste novo milenio.